

Le estes textos e contesta estes exercicios. Cando os teñas feito envíasmos ao correo luisa.dieiguez@dacoruna.gal

O CABALO DE ALBERTE MERLO

Unha tardiña de verán, Alberte Merlo deulle ao seu cabalo unha merenda de herba fresca, e despois sentouse no cepo de partir a leña a ler o xornal. O cabalo merendou, e pasou a súa cabeza por derriba do ombreiro dereito do amo, e con voz humana preguntoulle:

- Como vai o mundo?

Este foi o comezo das longas conversas que durante varios meses mantiveron Alberte e o seu cabalo. Falaban, segundo Alberte, de política, das contribucións, de como foran os prezos na derradeira feira de Noia, e de vodas e de defuntos. Un día o cabalo díxolle a Alberte que non lle gustaba que lle chamasen Moro, e que mellor sería que lle buscase un nome máis decente, aínda que fose francés. Alberte consultou cun mestre de Muros, moi amigo de seu, e este díxolle que lle chamase ao seu Moro simplemente como lle chaman aos cabalos en Francia. Que lle chamase Cheval. Ao cabalo pareceulle ben, aínda que murmuraba que quizais ao nome deberan seguir dous apelidos. Por consello do cabalo, Alberte foille dicindo aos veciños que o seu cruzado de percherón e mourisco, xa non se chamaba Moro senón Cheval, e que fixesen o favor de tomar nota do cambio. A todos os efectos, dicía Cheval.

Pasando os meses, Cheval íase amosando moi vivo de xenio, celábase de que Alberte falase coa xente sen estar el diante, de que lle asubíase ao can Tirol, e de que lese o xornal en voz alta á muller, que non sabía ler.

- Dabondo fas con durmir con ela! –comentaba Cheval desgustado.

Ía cumprirse un ano dende a primeira conversa de Alberte co seu cabalo, cando un mediodía, regresando os dous amigos do muíño, carregada a besta con dous sacos de fariña e outro de farelo, Cheval parouse na ponte, e díxolle a Alberte con voz grave:

- Vai facer un ano que nos falamos, e se queres que sigamos comentando o mundo, tes que



prometerme que de agora en diante só vas falar comigo ¡Despois de todo son o único cabalo da provincia que fala co amo! E non me fío da túa palabra, que máis dunha vez xa che escoitei contar algunha mentira. Tes que facer un documento. ¡Se non o fas, calo para sempre!

A Alberte non lle parecía nada doado o consultar este asunto cun avogado. O avogado seguro que o tomaba por tolo se entraba no seu despacho explicándolle que falaba co seu cabalo Cheval, e que este quería un escrito no que Alberte declarase que só falaría con el, e que se entendese por señas co resto dos galegos. Foi Alberte a Muros visitar ao seu amigo o mestre. Este díxolle que escribira calquera cousa nun papel de barba, que era seguro que Cheval non sabía ler.

-¡Quen sabe que non sabe ler? -insistía Alberte.

O mestre, en papel selado de tres pesetas, escribiu unha declaración xurada na que Alberte se comprometía a non falar coa xente se non era con permiso do seu cabalo Cheval, antes coñecido por Moro,.. Asinou e rubricou Alberte Merlo... Cando chegou á casa co documento e llo amosou ao cabalo, este fixo que llo lera por dúas veces.

-¡Moi ben ! ¡Agora tes que levalo ao Rexistro!

Alberte quedouse coa boca aberta mirando para Cheval.

-¡Ao Rexistro ! ¡Coñezo o procedemento! Lémbtrate que antes de ser o teu cabalo fun o cabalo do procurador Abeledo.

Un procurador famoso, do que se dicía que tiña na memoria o Código das Argalladas... Alberte anda agora coa declaración xurada na man, sobe e baixa polos camiños, séntase nese chanto ou arrímase a aquel carballo, pensando sempre no choio, sen saber que facer, se ir ao Rexistro de Noia ou non... E mentres, o cabalo non lle fala e olla para el de esguello.

Álvaro Cunqueiro: *Os outros feirantes*

Preguntas sobre o texto:

1. Onde se sentou Alberte Merlo a ler o xornal?
2. Que merendou o cabalo de Alberte Merlo?
3. De que falaban Alberte Merlo e o seu cabalo?
4. Como se chamaba o cabalo?
5. De onde era o mestre amigo de Alberte Merlo?
6. Como se chamaba o can de Alberte Merlo?
7. De quen tiña celos o cabalo?
8. Cantos anos levaba o cabalo falando cando lle pediu ao seu amo que quería que falase só con el.

9. Por que Alberte non quería ir onda un avogado?
10. Por que sabía o cabalo que había que levar a rexistro o documento que fixera Alberte Merlo?

Agora ve este vídeo e contesta as preguntas:

<https://www.youtube.com/watch?v=0wDzbNneFE8>

1. Que idioma fala o cabalo?
2. Que defendía o cabalo cando aprendeu a falar galego?
3. Acabaron levándose ben o cabalo e Alberte?

Investiga acerca do escritor Álvaro Cunqueiro.

-En que anos viviu?

-De onde era?

- Que xéneros cultivou (poesía, prosa, teatro)?

- Cita algunha obra que escribise.



O PAI DE MIGUELIÑO

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados cómo era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato.

Os “americanos” xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sinteu por el un grande amor e canto máis se achegaba o “americano”, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. ¡Ai!, o “americano” pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de quere-lo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballle que aquel era o seu pai. O rapaz devecíase por bicalo a fartar. ¡Tiña un porte de tanto señorío! ¡Ai!, o “americano” pasou de largo e nin tan siquiera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria, fíxose cargo de que un home estaba abrazando á súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi flaco, metido nun traxe moi floxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo... Aquel si que era o pai de Migueliño.

Castelao: *Cousas*



1. De onde viña o pai de Migueliño?
2. Por que cres que Migueliño tiña que mirar no retrato como era seu pai?
3. Por que cres que o pai marchara a América?

4. Por que cres que Migueliño pensaba que todos os homes elegantes eran seu pai?

4. Finalmente cando Migueliño viu a seu pai, que sentiu? Por que?

5. Quen cres que fixo o debuxo que acompaña o relato?

5. Que cres que quere transmitir Castelao con este relato?

6. Subliña os adxectivos lle atribuirías ao relato **triste, alegre, enigmático, tenro, melancólico, sensible**